

CIRCULAR 261



INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

SETEMBRO 2016

ACHEGAS DA PSICOLOXÍA

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Rocío García Calvo

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a Nº 262 de setembro/outubro de 2016,
e sairá a principios do mes de novembro de 2016.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de outubro.

5	Información Xeral
16	Información das Seccións
20	GIPCE
21	Grupo de Tráfico e Seguridade
22	Comisión Intersectorial de Xénero
23	Comisión de Ética e Deontoloxía
24	Comisión de Psicoloxía do Deporte
26	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

«Coidado, responsabilidade, respecto e coñecemento son mutuamente independentes.»

Erich Fromm, psicólogo.

A boa práctica, a nosa mellor garantía

Desde que promulgamos o noso Código Deontolóxico en 1987 ata a actualidade, a profesión e, en boa medida, a súa repercusión social, teñen mudado sensiblemente. Hoxe, os nosos eidos de actuación son moito máis amplos e diversos, á vez que a sociedade tamén é máis esixente a respecto da calidade na práctica da psicoloxía aplicada.

Velar polo cumprimento da ética profesional e as normas deontolóxicas do psicólogo ou psicóloga é parte das nosas funcións como Colexio, así como o fomento do servizo da profesión á sociedade. Neste camiño profesional contamos cun marco xeral que debe actuar como un compás para orientarnos e garantir que non nos desviamos da práctica ética e responsable: o Código Deontolóxico.

Nos últimos tempos vimos constatando que se ten incrementado significativamente o volume de queixas recibidas na Comisión de Ética e Deontoloxía do noso Colexio, aínda que afortunadamente, non se traduciu nun aumento das sancións. Pero ten que servirnos como aviso de que debemos manter unha actitude vixiante para actuar con rigor nas nosas intervencións profesionais, non só polo risco individual senón porque a excelencia e a responsabilidade na práctica contribúe a cimentar a psicoloxía científica e socialmente.

Por iso é imprescindible que todos e todas coñezamos ben o noso Código Deontolóxico e que o asumamos para unha praxe responsable. O rigor na nosa actuación ten que pasar polo emprego de instrumentos e métodos que contén cun aval científico, así como por manter a imparcialidade fronte a intereses persoais ou institucionais contrapostos. Cuestións como a privacidade, a confidencialidade e a protección dos datos de carácter persoal deben ser axiomáticas no noso exercicio. Nas actuacións que impliquen a menores temos que gardar unha maior escrupulosidade, xa que debemos aternos ás regulamentacións específicas que protexen os seus dereitos e os dos seus proxenitores.

O Código Deontolóxico non debe entenderse como unha limitación senón como unha guía para a excelencia práctica, para ofrecer unha maior seguridade ás persoas usuarias, que son as destinatarias dos nosos servizos. Os debates e experimentos contribúen ao desenvolvemento científico, pero as teorías validadas son as que debemos aplicar, sen caer na improvisación, no desleixo ou nos intereses particulares.

Co fin de achegar a todos os colexiados e colexiadas do COPG os principios recollidos no noso Código Deontolóxico, a Comisión de Ética e Deontoloxía ofrecerá no segundo semestre unha serie de experiencias formativas en varias cidades galegas, centrándose no comportamento profesional, coa intención de mellorar a dispoñibilidade de ferramentas para unha práctica profesional ética e unha praxe responsable á altura das esixencias de calidade da nosa intervención profesional. Desde o Colexio, animámoste a que participes nelas, porque a permanente actualización dos nosos coñecementos científico-técnicos e deontolóxicos a través da formación é, sen dúbida, un dos alicerces para garantir unha boa práctica e unha mellor calidade da nosa profesión. En definitiva, deste xeito estaremos a contribuír para prestixiar socialmente a psicoloxía como ciencia aplicada.

Relacións Institucionais

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada asistiu:

- O 26 de abril a unha xuntanza na Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, para tratar sobre o posible convenio a levar a cabo en materia de desafiuzamentos. Mantivo unha reunión coa mesma concelleira, Concepción Fernández Fernández, o día 13 de maio para tratar sobre o III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia 2016 «Camiños da Psicoloxía» organizado polo COPG.

- Acompañada do presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Francisco Javier Sardiña Agra, a unha reunión o 4 de maio co conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, Jesús Vázquez Almuíña. Nesta xuntanza abordáronse temas relacionados con sanidade e a psicoloxía, as prazas de psicoloxía clínica na última Oferta Pública de Emprego (OPE), as prazas PIR, a acreditación sanitaria e proxectos para incorporar a psicoloxía en atención primaria.

- O 18 de maio a unha reunión coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M^a Amparo González Méndez, para falar da mediación e do III Congreso de Psicoloxía Profesional de Galicia 2016 «Camiños da Psicoloxía» organizado polo COPG.

- Á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, da que o COPG forma parte, o pasado 26 de maio.

- O 7 de xuño ao acto de presentación «Compostela, Territorio das Mulleres», proxecto impulsado pola Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

- O vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu o 18 de abril á mesa de traballo para a elaboración dun protocolo de prevención e intervención en situacións de desafiuzamento, da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela.



M^a Rosa Álvarez Prada



Jose Manuel Oreiro Blanco

■ M^a Leonor Galiana Caballero, vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, participou na sesión extraordinaria do pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 25 de abril en Santiago de Compostela.

■ M^a Jesús López Cernadas, presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, acudiu á xuntanza da presentación e valoración do borrador de ordenanza de Garantía Básica Cidadá, que se celebrou o 4 de maio organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde do Concello de Santiago de Compostela. Asistiu tamén na mesma Concellaría á xuntanza da mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos en Santiago de Compostela, celebrada o 13 de maio.

■ A secretaria, Rocío García Calvo, acudiu o 24 de maio á segunda xuntanza do Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela.

■ M^a Concepción Prado Álvarez, vicesecretaria do COPG e vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO), e José Manuel Campal Fernández, vogal da Xunta Directiva da Sección de PTO, mantiveron unha reunión o 3 de xuño co director xeral de Orientación e Promoción Laboral, da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, José Alfonso Marnotes González, para tratar temas relacionados co ámbito da orientación laboral.



M^a Leonor Galiana Caballero



M^a Jesús López Cernadas



Rocío García Calvo

En representación do Colexio

O vogal da Xunta de Goberno, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu o 21 de abril a unha mesa de debate organizada por alumnado de xornalismo da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.



M^a Concepción Prado Álvarez



Miguel A. Chouza Ponte

Miguel A. Chouza Ponte, membro da Xunta de Goberno, asistiu o 22 de abril en Santiago de Compostela ao acto de presentación do Compromiso ético e de boas prácticas da Asociación de Hospitales de Galicia (Ahosgal).



Mª Concepción Rguez. Pérez

Mª Concepción Rodríguez Pérez, membro da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero, participou o 23 de abril en Ribadeo nas «Xornadas de abordaxe integral da violencia de xénero desde o ámbito local», organizadas polo Concello de Ribadeo. Asistiu tamén ao encontro co poeta Antonio Rubio celebrado o 3 de maio na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela.

Guadalupe Oroña Quintáns, membro do Grupo de Traballo de Psicoxerontoloxía da Sección de Psicoloxía da Intervención Social, asistiu o 18 de maio á reunión do Grupo de Traballo en Demencias da Federación Alzhéimer Galicia (FAGAL).

A colexiada Raquel Espantoso San José participou na Mesa Sistema Sanitario dentro do «1º Congreso Internacional sobre as necesidades e dereitos da infancia: como crecer valentes, confiados e confiáveis» da Asociación Periodística, Estudos y Comunicación (P Estudio), celebrado na Coruña os días 19 e 20 de maio.

Eva Muíño Gómez, vogal de Xunta de Goberno e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade, e Israel Villar Enjo, membro da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) participaron os días 15 e 16 de xuño no «Foro da Innovación para o Emprego» (FIE) celebrado no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, organizado pola Axencia Local de Colocación da Concellaría de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

Eva Muíño Gómez, coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, asistiu o 16 de abril á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología, celebrada en Madrid.



Eva Muíño Gómez

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología o 23 de abril en Madrid, así como á reunión da Xunta Xeral Extraordinaria celebrada o 21 de maio.



M^a Rosa Álvarez Prada

A coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo para a Defensa da Profesión e contra o Intrusismo do Consejo General de la Psicología que tivo lugar en Madrid o 7 de maio.

José Luis Domínguez Rey, coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, asistiu á xunta directiva da división de PTORH celebrada o día 1 de xuño en Madrid e ao IV Encontro Anual Interterritorial de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología que tivo lugar en Madrid o 4 de xuño



José Luis Domínguez Rey

Alegacións presentadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou observacións ao Proxecto de Orde da Consellería de Política Social pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.

Manifesto do COPG no Día Europeo da Solidariedade e Cooperación entre Xeracións

O día 29 de abril celebrouse o Día Europeo da Solidariedade e Cooperación entre Xeracións, que se instaurou en 2009 á proposta da presidencia eslovena da Unión Europea. É unha forma de sensibilizar e dar pulo ás relacións interxeracionais como factor potenciador dunha maneira de envellecer activa e positiva. Desde os Colexios Profesionais de Psicoloxía do Estado queremos apoiar e potenciar as iniciativas encamiñadas a fomentar as relacións interxeracionais para concienciar a sociedade dos beneficios que ten fomentar o diálogo interxeracional entre a mocidade e as persoas maiores.

O COPG ofrece a súa colaboración ao Consulado de Ecuador en Galicia

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia trasladou ao Consulado de Ecuador en Galicia, situado en Vigo, a dispoñibilidade de colaboración dos servizos do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, por se tivesen necesidade de prestar atención psicolóxica a familiares que residan en Galicia de vítimas ou persoas desaparecidas por mor do terremoto acontecido en Ecuador.



Momento da presentación do libro «Diseño de Políticas Sociales»

Presentación do libro «Diseño de Políticas Sociales»

O 29 de abril a Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, organizou a presentación do libro *Diseño de Políticas Sociales*, coa participación do autor Fernando Fantova Azcoaga na Librería Couceiro en Santiago de Compostela.

O COPG renova o convenio coa Xunta de Galicia para a atención psicolóxica no ámbito da violencia de xénero

O COPG renovou os convenios que mantén coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, para a atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos e persoas dependentes, así como para o programa Abramos o Círculo, dirixido a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar. O día 20 de abril asinaron os convenios a decana do Colexio, M^a Rosa Álvarez Prada, xunto coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella.



Momento da renovación dos convenios

III Congreso de Psicología Profesional de Galicia «Camiños da Psicología»

Os días 2, 3 e 4 de xuño celebrouse no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela, o III Congreso de Psicología Profesional de Galicia 2016 «Camiños da Psicología». Unha oportunidade dun congreso histórico para o que se deseñou un intenso programa científico co que se percorreron os diferentes roteiros que ofrece a psicología e afondou nos retos e oportunidades da profesión. Foi o maior encontro de psicología celebrado na nosa Comunidade desde a súa última edición no ano 1991.

Grazas a todos e todas os membros do Comité Organizador, Comité Científico, membros da organización, colaboradores, relatores/oras, congresistas e alumnado voluntario da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela (USC) por facer posible este Congreso.

Sigamos percorrendo os CAMIÑOS DA PSICOLOXÍA XUNTOS.



Momento de agradecementos da decana



Badalada pola prevención do suicidio

Podedes atopar as fotos do Congreso na Galería da nosa páxina web.

No marco do Congreso apoiouse a campaña por un Plan Galego da Prevención do Suicidio, que vén demandando o Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o COPG forma parte. Desde o 3 de maio, o MGSM realiza o acto simbólico Badaladas pola Prevención do Suicidio, na reivindicación dun plan galego para a prevención deste grave problema

de saúde pública. O venres 3 de xuño na Praza de Praterías en Santiago de Compostela, participou na Badalada M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG.

Novidades no programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero e menores

Desde 2004 e a través dun convenio coa Xunta de Galicia renovado anualmente, o Colexio vén ofrecendo un Programa de atención psicolóxica para mulleres que sofren ou padeceron violencia de xénero, así como a menores e outras persoas dependentes.

A Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, introduce diferentes novidades que afectan aos dispositivos que prestan atención aos e ás menores. É por isto que no Programa, atendendo á súa natureza e principios de actuación, existirá unha listaxe de derivación especializada para a intervención con menores dentro do marco do Programa.

Deste modo, existirán dúas listaxes de derivación dentro do programa, non sendo estas excluíntes. Esta nova estrutura empezará a funcionar en xaneiro de 2017, aínda que os e as terapeutas que teñan casos activos seguirán atendendo aos mesmos. Para formar parte da listaxe de derivación especializada para a intervención con menores, é necesario presentar no COPG a acreditación de 100 horas de formación específica con menores, a

acreditación de 3 anos de experiencia acreditada en psicoterapia con menores, así como un certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (Art. 13 da Lei Orgánica 1/1996, 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor).

Comunicado sobre a saúde mental materna

Desde o COPG difundimos un comunicado nos distintos medios de comunicación sobre a saúde mental materna elaborado polo Consejo General de la Psicología.

Con este posicionamento queremos insistir na enorme importancia e na necesidade de ofrecer unha asistencia eficaz e de calidade que protexa a saúde psicolóxica das nais, tanto no pre como no post-parto, garantindo o acceso ao tratamento psicolóxico para estas mulleres. Así mesmo, dada a gravidade e relevancia deste problema, o COPG quere mostrar o seu completo apoio á iniciativa internacional para proclamar o Día Mundial da Saúde Materna o primeiro mércores de maio.

Día internacional de toma de conciencia do abuso e maltrato na vellez


O día 15 de xuño celebrouse como cada ano, o Día Internacional de toma de conciencia do abuso e maltrato ás persoas maiores. A Asemblea das Nacións Unidas designou ese día coa fin de concienciar do grave problema de saúde pública e de violación dos dereitos humanos que supón a violencia cara ás persoas maiores. O Grupo de Traballo de Psicología do Envellecemento do Consejo General de la Psicología quere contribuír co manifesto difundido en todo o Estado á toma de conciencia desta problemática para que se participe de maneira activa na erradicación deste problema.

Medios de comunicación

Desde o **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais.

De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

 <http://www.facebook.com/copgalicia>

 www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

 <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

ACREDÍTATE
COMO
PROFESIONAL
DIANTE DA
SOCIEDADE

O teu número de colexiación ten moito valor: faino ver

Pola
defensa da
profesión

Pola loita
contra o
intrusismo

Para outorgarnos
forza e
representatividade
como colectivo

Animámoste a que **non esquezas o valor do teu número de colexiado ou colexiada**: faino público nos informes que elaboras, no teu espazo de traballo, nas túas comunicacións por correo postal ou electrónico, nos teus soportes publicitarios... É a mellor garantía para presentarte diante da sociedade.



2009

Joel Gómez

Xornalista

Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.



2010

Juan Carlos Varela García

Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.



2011

Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica

Polas súas valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.



2012

Gemma Nierra

Xornalista

Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo contribuindo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.

*Galardón
Dolores Llópez:
Psicoloxía e sociedade
2016*

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creamos en 2009 o acto Achegas da Psicoloxía, un encontro anual para todas as persoas colexiadas no que realizamos a entrega do noso galardón máis importante: o Premio Dolores Llópez «Psicoloxía e Sociedade».

Este recoñecemento creouse para distinguir a persoa, a institución ou a asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos.

No Achegas tamén significamos aos colexiados e colexiadas que celebran 25 anos con nós de forma ininterrompida e damos a benvida ás persoas que se incorporaron no último ano.

ACHEGAS DA

*Galardón
Dolores Llópez:
Psicoloxía e sociedade
2016*



2013

José Luis Sampedro Sáez

Escritor

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.



2014

Veciñanza do barrio de Angrois

Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no trágico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.



2015

Eduard Punset

Divulgador científico

Polo seu labor achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa.



2016

Rede Galega de Loita contra a Pobreza

Polo seu traballo por colectivos en situación de vulnerabilidade e dar voz a persoas que sofren con virulencia as consecuencias da exclusión e que non atopan outra posibilidade de representación.

PSICOLOXÍA

O vindeiro 14 de outubro celebraremos o acto Achegas da Psicoloxía que este ano terá lugar no Parador de Ribadeo, do que daremos cumprida información. Alí faremos entrega do premio “Dolores Llópez, Psicoloxía e Sociedade” que este ano recae na Rede Galega de Loita contra a Pobreza, co que se pretende significar o traballo do terceiro sector neste momento histórico de acusada emerxencia social.

Agardamos contar coa túa participación.

INFORMACIÓN DAS SECCIONS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



Durante a celebración do obradoiro «A psicoloxía da intervención social no actual contexto das políticas sociais»

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

O pasado 30 de abril celebrouse o obradoiro «**A psicoloxía da intervención social no actual contexto das políticas sociais**», coordinado por José Luis Santos Ascarza Bacariza e impartido por Fernando Fantova Azcoaga, licenciado en Psicoloxía e consultor independente sobre intervención, xestión e política social en España e América Latina.

Foron os obxectivos deste obradoiro analizar o contexto estratéxico dos servizos sociais e as políticas sociais e tamén reflexionar sobre a achega da psicoloxía (como disciplina e profesión) para a construción dunha intervención social baseada no coñecemento. Como conclusión do obradoiro, cómpre sinalar que as psicólogas e psicólogos da intervención social temos un papel protagonista no ámbito dos servizos sociais e en consecuencia poden facer valiosas contribucións nun marco no que as políticas sociais están vivindo importantes procesos de transformación. A pobreza, a exclusión social, o desemprego ou os desafuzamentos; son exemplos dos graves problemas que acusa a sociedade na actualidade e, neste senso, é importante a formación continua nas orixes destas problemáticas.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

O 10 de maio o COPG rexeitou a medida de colocación de cámaras de vídeo-vixianza nos centros escolares galegos, debido principalmente á súa **falta de eficacia** á hora de prever o acoso escolar. O medio principal e o máis axeitado para a **prevención da violencia** nas aulas é a través da **educación** e recursos como as gravacións poden resultar incluso contraproducentes.

Desde o COPG expresamos distintas preocupacións respecto a esta proposta. En primeiro lugar, está o relacionado co dereito á **protección da intimidade do alumnado**, xa que existe unha liña moi fina entre a seguridade e a intimidade; sendo a protección da súa intimidade parte fundamental da seguridade que hai que garantirlles como menores que son.

Manifestamos **serias dúbidas** sobre se a medida da vídeo-vixianza acadará o obxectivo que persegue: a prevención e a intervención sobre as situación de acoso e violencia nos centros escolares. Cómpre preguntarse se realmente a presenza das cámaras disuadirá os agresores ou agresoras, dado que é **imposible** que as cámaras poidan chegar a **filmar todos os recunchos** do recinto escolar.

É máis, no referente ao acoso e ás agresións psicolóxicas, desde o punto de vista dos psicólogos e psicólogas do eido educativo, isto sería moi complexo; non só no caso do **acoso psicolóxico** (o cal pode chegar a ser moi sutil e polo tanto, imposible de detectar por unha cámara), senón tamén no referente a todo tipo de situacións agresivas, sen esquecer o **illamento social** como forma de acoso. As relacións interpersoais son un proceso e a súa evolución está condicionada por múltiples factores, sendo as causas das situacións conflitivas, de moi diferente índole; é dicir, non sería axustado interpretar un comportamento ou reacción concreta dun xeito illado, senón que habería que contextualizalos e valorar o proceso que levou o rapaz ou rapaza a ese punto.

Finalmente, é preciso reflexionar sobre as **consecuencias** que pode chegar a ter esta medida sobre o alumnado. É moi posible que o alumnado remate «comportándose ben» por mor da presenza das cámaras, máis que por teren integrado na súa **ética persoal** unha serie de **valores de respecto e convivencia**. O alumnado baixo presión ou medo de ser gravado polas cámaras actuará dunha forma e tratará de buscar a maneira de non ser visto e saltar as normas. A súa ética resentirase, non actuando por si mesmo senón por medo a ser descuberto.

Nos centros educativos temos que **educar en valores desde a liberdade e a responsabilidade**. Deste xeito, inculcaremos ao noso alumnado unha ética autónoma que lle permita converterse en cidadáns e cidadás independentes e con capacidade crítica.

*Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía
Educativa da páxina
web do COPG:
[http://copgalicia.gal/
seccions/educativa](http://copgalicia.gal/seccions/educativa)*

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

O vindeiro 1 de outubro terá lugar na sede do COPG en Santiago de Compostela, o curso «**Que facer para montar unha consulta de psicoloxía**». Unha formación que terá catro horas de duración e será impartido por **Cristina Veira Ramos**, psicóloga clínica, máster en terapia familiar e de sistemas pola Universidade de Sevilla e codirectora do Centro Andainas Psicoloxía Clínica e Terapia Familiar da Coruña.


No mes de novembro, o sábado día 5, poderemos asistir na sede do COPG ao curso «**A rehabilitación neuropsicolóxica con programa REHACOP**». Este curso está organizado pola Sección de Psicoloxía e Saúde en colaboración coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía e será coordinado por **Natalia Rey Cordo** e **Vanessa Vilas Riotorto**. A relatora será **Natalia Ojeda del Pozo**, catedrática de neuropsicoloxía na universidade de **Deusto** e fundadora e presidenta da Sociedade Vasco-Navarra de Neuropsicoloxía. Conta cunha ampla experiencia investigadora e docente e é a autora principal do programa de rehabilitación neuropsicolóxica **REHACOP**.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

FORO: «A psicoloxía organizando o traballo»

Co obxectivo de poñer en valor os servizos públicos de emprego e crear un espazo para intercambiar opinións que debater sobre a empregabilidade e o rol do psicólogo ou psicóloga PTO neste ámbito, a Sección de Psicoloxía e Traballo e das Organizacións



organizou o pasado 28 de maio un foro no que se abordou a problemática dos servizos públicos de emprego, os seus recursos e as tarefas na orientación laboral. O foro, coordinado por **José Luís Domínguez Rey**, contou coa presenza e intervencións de profesionais que analizaron as políticas activas de emprego, a estrutura dos servizos de orientación, os seus programas e proxectos.

Emilio Lesta Casal, xefe do Departamento de Emprego do Concello da Coruña, expuxo «A organización interna dun servizo municipal de emprego». **Pedro Andrés Padilla Pérez**, xefe de Área do Servizo Andaluz de Emprego disertou sobre «O papel da/o psicóloga/o no servizo público de emprego» e **Julio González Morandeira**, consultor experto en TIC e membro da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG analizou a «Evolución dos factores de empregabilidade. O papel do/a psicólogo/a na súa identificación e novos retos da evolución tecnolóxica». Finalmente **Mª Concepción Prado Álvarez**, vogal de emprego do COPG, coordinou o debate que tivo como referencia a importancia da psicoloxía nos servizos de orientación e intervención sociolaboral.

O foro foi unha oportunidade para intercambiar experiencias sobre as competencias e retos dos equipos de orientación, o uso e utilidade das novas tecnoloxías e tamén para xerar propostas para facilitar a cooperación entre a administración pública, as organizacións empresariais e os axentes sociais en temas de empregabilidade.



Momento do foro
«A psicoloxía organizando
o traballo»

Creación do grupo de traballo sobre «Orientación sociolaboral»

No transcurso dos pasados meses de maio, xuño e xullo celebráronse distintas reunións de traballo para perfilar a estrutura, os requisitos de pertenza e a normativa deste grupo de traballo interno que centrará a súa actividade en temas de avaliación, desenvolvemento da carreira, *counseling* e intervención sociolaboral. O grupo será coordinado polo noso compañeiro **José Manuel Campal Fernández**; entre os seus obxectivos e accións cómpre a difusión social das competencias para o desenvolvemento da profesión de orientador, contribuír á formación continua do colectivo e dar visibilidade á psicoloxía no marco da administración pública, entidades sociais e empresas privadas.

Unha vez fixadas as directrices e criterios de funcionamento, e xerada a documentación suficiente esperase que a partir do próximo mes de outubro dean comezo as sesións de traballo do grupo e así se inicie unha nova andaina nas actividades da sección.

Actividades previstas para o último trimestre do ano.

Nestes momentos estase a organizar para os meses de outubro e novembro unha serie de actividades que permitirán debater sobre cuestións de interese para a sección. Por unha parte, programouse un foro sobre intervencións organizacionais en prevención de riscos laborais, un obradoiro sobre avaliación psicolóxica no colectivo de mergulladores, unha mesa para tratar o tema de mediación e conflito en contexto laboral e unha sesión de traballo para abordar a problemática e distintos escenarios na xestión dos recursos humanos. Unha vez fixadas as datas definitivas remitirase a información pertinente aos asociados e asociadas da sección e comunicarse a programación na páxina web do COPG.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/seccions/traballo-edas-organizacions>

A partir do mes de xullo o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG vai permanecer definitiva e permanentemente aberto.

Todos e todas os colexiados e colexiadas que esteades interesados ou interesadas en formar parte del teredes que cumprimentar a solicitude de entrada, o documento de aceptación da normativa interna e o regulamento do GIPCE e presentalos na administración do COPG, xunto co curriculum vitae e a documentación pertinente que acredite formación e experiencia en emerxencias e catástrofes. Será necesario especificar a pertenza a outros grupos, organismos ou entidades do mesmo ámbito de intervención de ser o caso, e estar ao corrente do pago das cotas colexiais. Podes acceder ao Regulamento e aos anexos na páxina web do colexio.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



Durante a celebración do programa Psicoivial

Enlace ao apartado do Grupo de Tráfico e Seguridade da páxina web do COPG:
<http://copgalicia.gal/grupos-comisiones/trafico-e-seguridade>

A edición 2015-2016 do programa **Psicoivial** que desde o ano 2013 se vén desenvolvendo no marco de colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia para intervir con persoas penadas por delitos relacionados co tráfico, finalizou o pasado 18 de xuño, cunha sesión de seguimento individualizado.


Este programa desenvolvido no COPG a través do Grupo de Tráfico e da Seguridade para responder ás demandas da Unidades Provinciais de Medidas Alternativas de Institucións Penitenciarias, ten unha orientación de intervención exclusivamente psicolóxica e dentro dun formato de programa prolongado con nove meses de duración. Desenvolveuse nese primeiro ano un grupo, en formato pequeno, de oito asistentes con penas por diversos delitos relacionados directa e indirectamente coa seguridade viaria. O obxecto deste programa é dispor da posibilidade de poñer en práctica a experiencia acadada no formato taller de **Xornadas de Concienciación** para transformala nun programa longo de intervención psicolóxica. Trátase dun nivel superior ao formato de Xornadas de Concienciación, en tanto que hai maior graduación nas penas así como reincidencia, dándose casos de ata 300 xornadas de pena tanto con multi como polirreincidencia.

O COPG é pioneiro a nivel estatal con este tipo de programas fóra do contexto da organización de Institucións Penitenciarias, como xa ocorrera no seu momento co formato Xornadas de Concienciación. Intercálanse sesións individuais con sesións grupais nos primeiros seis meses, mentres que se realizan sesións individuais de seguimento nos tres últimos meses.

No desenvolvemento das Xornadas de Concienciación deste ano desenvóléronse dous grupos, en Ferrol e Santiago e está en proceso o terceiro novamente en Ferrol que rematará a mediados de xullo.

Por outra parte, no que se refire ao proxecto de investigación *screening* na condución de persoas maiores, segue aberta a posibilidade de colaboración por parte dos Colexiados e Colexiadas do Grupo de Tráfico e Seguridade Viaria. Aqueles interesados ou interesadas poden comunicar o seu interese a esta dirección electrónica grupotrafico@cop.es, especificando «investigación condutores maiores». Así mesmo admítense calquera suxestión ou proposta a través do mesmo correo.

A Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia informa das persoas premiadas no Concurso de Cartaces «Pola Igualdade 2017»:



Modalidade individual:

1º Premio: «Orixe en común». De Juan Camilo Cerón Pérez, alumno do IES Gregorio Fernández de Sarria, Lugo.

2º Premio: «Retrincos». De Delia Alfonso Lomba, alumna do IES A Sangriña da Guarda, Pontevedra.

3º Premio: «L.A.». De Lorena Arteaga Vilas, alumna do CPI Antonio Orza Couto do Forte, Boqueixón, A Coruña.

Modalidade colectiva:

1º Premio: «Anlume». De Andrea Fernández Iglesias, Nerea González Boo e Lucía Tallón Iglesias, alumnas do CPI Antonio Orza Couto de Forte-Boqueixón, A Coruña.

2º Premio: «O valor atópase no teu interior». De Antía Gago Alonso e Ruth Carrera Fernández, alumnas do IES Carlos Casares de Vigo, Pontevedra.

3º Premio: «Piccola». De Isabel Santiago Carracedo e Andrea Blanco Chouciño, alumnas do IES Urbano Lugrís de Malpica, A Coruña.

Os membros da Xunta de Goberno e da Comisión Intersectorial de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia trasladámoslle os nosos parabéns.

As obras premiadas serán empregadas o vindeiro ano polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para promover a igualdade, e combater a desigualdade por razóns de xénero.



«Orixe en común»



«Anlume»

<http://copgalicia.gal/grupos-comisions/intersectorial-de-xenero>

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA



Seminario básico en ética profesional e deontoloxía

Desde a Comisión de Ética e Deontoloxía propoñemos achegar aos Colexiados e Colexiadas unha experiencia formativa na que se tome contacto cos principios que conforman a práctica profesional ética e responsable e acorde co noso Código Deontolóxico. Por iso, deseñamos un seminario básico que se desenvolverá nos vindeiros meses de novembro e decembro en distintas cidades galegas para facilitar a súa asistencia.

O obxectivo é realizar un achegamento aos devanditos principios, centrándoos no comportamento profesional coa intención de mellorar a dispoñibilidade de ferramentas para una práctica profesional ética e unha praxe responsable á altura das esixencias de calidade da nosa intervención profesional, reflexionando desde unha perspectiva aplicada.

Falaremos da ética profesional, dos principios para unha actuación profesional responsable, tanto no referente aos dereitos individuais, á autonomía das persoas usuarias así como á responsabilidade profesional. Comentaremos a correspondencia dos principios en obrigas deontolóxicas e proporemos exercicios e casos prácticos.

Enviaremos cumprida información das datas e lugares de celebración, que estamos actualmente definindo.

Enlace ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIÓNS
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Tel: 986 295 621

KARMA

Tel: 986 471 439

www.formacioncambio.com

psicoestudio@psicoestudio.com

karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos

Seminarios con especialistas

Prácticas in vivo supervisadas

Horarios e contidos adaptados

ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso

Celia Cameselle Taboada

José Antonio Muñiz Torrado

Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García

(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo

(Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)

A comisión informa das seguintes actividades, por se son de interese:

- XVII Jornadas da Sociedade Portuguesa de Psicologia do Desporto, na cidade de Setúbal, Portugal, 24 e 25 de novembro de 2016, no ámbito do programa Setúbal Cidade Europea do Desporto 2016. <http://www.jsppd.jsppd.org>
- 12th ENYSSP Conference en Warszawa, Polonia, entre o 21 e o 22 de outubro de 2016. <https://www.facebook.com/events//1087246191326361>

**COMISIÓN DE
PSICOLOXÍA
DO DEPORTE**

Enlace ao apartado da Comisión de Psicoloxía do Deporte da páxina web do COPG: <http://copgalicia.gal/grupos-comisions/psicoloxia-do-deporte>

ANUNCIO

Alúgase entreplanta, con ascensor, de aprox. 100 m², rúa Monforte, 15-1º dta. a dez metros dos xulgados. Consta de dous despachos moi luminosos, sala de espera, sala de xuntas de 60 m² e dous cuartos de baño. Recentemente pintado.

Aluguer: 500 euros mensuais.

Teléfono de contacto:
698 11 92 91.



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protextdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

**ÚLTIMOS
COLEXIADOS
E COLEXIADAS
DE GALICIA**

G-5438	Pablo	Asenjo Pérez
G-5538	Haizea	Garrido Costa
G-5539	Bárbara	Piñeiro Neiro
G-5540	Daniel	Valencia Bacelo
G-5541	Carla	Console
G-5542	Constantino	Arce Fernández
G-5543	Marta	Bermúdez Crespo
G-5544	Yolanda	Ordóñez Lema
G-5545	Cristina	González Freire
G-5546	Mª Isabel	Rodríguez Arias
G-5547	Amavia	Méndez Pérez
G-5548	Esther	López Morcillo
G-5549	Amalia	Borrazas Iglesias
G-5550	Susana Del Valle	López Faria
G-5551	Clara	Suárez Domínguez
G-5552	Yago	Barcía López
G-5553	Alejandra	Rey Pousada
G-5554	Melisa	Silva Castro
G-5555	Nuria	Carrero Pio
G-5556	Pablo	San Millán Tejedor
G-5557	Samuel	Arnedo Higuera
G-5558	Ana Cristina	Gerpe Calvo
G-5559	Tania	Baltar Janeiro
G-5560	Antía	Casas Posada
G-5561	María Genoveva	Sayago Martínez
G-5562	Paula	Naveira García
G-5563	Raquel	Méndez Gago
G-5564	Irene	Ferreiros Torres
G-5565	Noelia	Santos Alonso
G-5566	Mª Belén	Iglesias Martínez
G-5567	Verónica	Losada Pérez
G-5568	Laura	Dorado Nogueiras
G-5569	Leticia	González Valcarcel
G-5570	Bárbara	González Amado
G-5571	Noelia	Besteiro Vázquez
G-5572	Catarina	Caña García
G-5573	Paula	Muñiz Sanles
G-5574	Raquel	Lijo Gómez
G-5575	Tamara	Arenas Vidal
G-5576	Jorge	Hernández González
G-5577	Sonia	Guerra Álvarez
G-5578	Alba	Campos Miragaya

Xa somos 2822 colexiadas e colexiados

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

XORNADA DE TRABALLO SOBRE
PSICOLOXÍA CLÍNICA NA ATENCIÓN PRIMARIA
(DIRIXIDO A PROFESIONAIS QUE EXERZAN NA
ATENCIÓN PRIMARIA)

Data: 21 de setembro de 2016

Lugar: Sede do COPG - Santiago
de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

CURSO «QUE FACER PARA MONTAR UNHA
CONSULTA DE PSICOLOXÍA»

Data: 1 de outubro de 2016

Lugar: Sede do COPG - Santiago
de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

XORNADA ACOSO ESCOLAR

Data: 1 de outubro de 2016

Lugar: Facultade de Psicoloxía- Santiago
de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía Educativa
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

SESIÓN DE TRABALLO «OCUPANDO ESPAZOS
DE INTERVENCIÓN ORGANIZACIONAL»
PERSOAS, RECURSOS E CONTEXTOS LABORAIS

Data: 8 de outubro de 2016

Lugar: Sede do COPG - Santiago
de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía do Traballo
e das Organizacións do Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

SEMINARIO BÁSICO EN ÉTICA
PROFESIONAL E DEONTOLÓXICA

Data: 4 de novembro de 2016

Lugar: Ourense

Data: 11 de novembro de 2016

Lugar: Lugo

Data: 25 de novembro de 2016

Lugar: Vigo

Data: 26 de novembro de 2016

Lugar: Santiago de Compostela

Data: 16 de decembro de 2016

Lugar: A Coruña

Organiza: Comisión de Ética e Deontoloxía
do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

SERVIZOS A COLEXIADOS E COLEXIADAS

www.copgalicia.gal

PUBLICACIÓNS

- ▣ Circular Informativa
- ▣ Cadernos de Psicoloxía
- ▣ Papeles del Psicólogo
- ▣ Infocop
- ▣ Memoria

FONDOS DOCUMENTAIS

- ▣ Servizo de biblioteca na sede do COPG
- ▣ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas de asesoría fiscal e xurídica

RESPONSABILIDADE CIVIL

Convenio colectivo coa correduría de Seguros Broker's 88 para a contratación de póliza de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)

PROFESIÓN

- ▣ Quenda Informes Periciais
- ▣ Privado. Solicitud de atención psicólogos/as
- ▣ Publicidade
- ▣ Distribución de ofertas formativas

ACREDITACIÓNS

Acreditación de Psicólogo/a Experto/a en Neuropsicoloxía Clínica

INTERNET

- ▣ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ▣ Páxina web do COPG
- ▣ Redes sociais

FORMACIÓN – EMPREGO

- ▣ Programa formativo anual do COPG
- ▣ Información laboral
- ▣ Información de convocatorias de oposicións

SEGURO VIDA/ACCIDENTES

Seguro colectivo para colexiados e colexiadas coa correduría de seguros MAPFRE

EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica a disposición dos colexiados e colexiadas

PROTECCIÓN DE DATOS

Convenio de colaboración coa empresa PROTEXDAT en relación á servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

DESCONTOS ALOXAMENTO

10% para os colexiados e colexiadas en aloxamento a través da páxina web TusCasasRurais.com para casas rurais por toda España

ASISTENCIA SANITARIA

- ▣ Seguro para colexiados e colexiadas e as súas familias MAPFRE -Caja Salud
- ▣ Seguro ASISA-BROKER'S 88
- ▣ Seguro de SANITAS

Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia



Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán


*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*
Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h

Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA
Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicológos